

Follas do cineclub | 06/09/2017
A voda do meu irmán
(My Brother's Wedding, Charles Burnett,
EUA, 1983, 77', VOSG)
En colaboración con
Jane's Walk Santiago de Compostela
e A.VV. As Marias

01

O BALLETO DA BEIRARRÚA

[Tirado de <http://www.janeswalkottawa.ca/background/the-sidewalk-ballet>]

Baixo a aparente desorde da vella cidade, alí onde a vella cidade está funcionando con éxito, hai unha orde marabillosa para manter a seguridade das rúas e a liberdade da cidade. É unha orde complexa. A súa esencia é o intrincado do uso da beirarrúa, levando con el unha sucesión constante de ollos. Esta orde está composta totalmente de movemento e cambio, e aínda que é vida e non arte, poderíamos caprichosamente chamalo a forma artística da cidade e ligala ao baile – non a unha simple danza de precisión con todo o mundo erguendo a perna a un tempo, xirando en unísono e facendo unha reverencia en masa, senón a un intrincado ballet no que as bailarinas e bailaríns individuais e os conxuntos teñen partes distintivas que milagrosamente se reforzan mutuamente e compoñen un todo ordenado. O ballet da beirarrúa dunha boa cidade nunca se repite dun lugar a outro, e en calquera sitio está repleto de improvisacións.

O tramo da rúa Hudson no que vivo é cada día a escena dun intrincado ballet de beirarrúa. Fago a miña propia primeira entrada nel un pouco despois das oito cando saco o lixo. Sen dúbida é unha ocupación prosaica, pero desfruto do meu papel, do meu pequeno estrondo, mentres as manadas de estudantes de instituto pasan polo centro do escenario tirando envoltorios de larpeiradas. (Como poden comer tantas larpeiradas tan cedo pola mañá?).

Raramente vexo o ballet do corazón do día, porque parte da súa natureza é que a xente traballadora que vive alí, coma min, están na súa maioría fóra, ocupando o rol de estraños noutras beirarrúas.

O señor Lacey, o cerralleiro, pecha a súa tenda por un rato e vai intercambiar a hora do día co señor Slube no

estanco. O señor Koochagian, o xastre, rega a frondosa xungla de plantas na súa ventá, bótalles unha ollada crítica dende fóra, acepta un cumprido sobre elas dun par de transeúntes, toca as follas do plátano de enfronte da nosa casa co aprecio dun xardineiro atento e cruza a rúa para un bocado no Ideal onde pode botar un ollo aos clientes e difundir a mensaxe de que está ao chegar.

Mentres a escuridade se espera e o señor Halpert amarra o carriño da roupa sucia á porta do soto outra vez, o ballet segue baixo as luces, arremuiñándose adiante e atrás pero volvéndose máis intenso baixo os billares iluminados do posto de pizza de Joe, os bares, o delicatessen, o restaurante e a farmacia. Os traballadores nocturnos paran agora no delicatessen, para coller salami e un cartón de leite. As cousas calmáronse ao anoitecer pero a rúa e o seu ballet non pararon.

No medio da noite, son case inconsciente de canta xente hai na rúa a non ser que algo os xunte, como a gaita. Non teño nin idea de quen era o gaiteiro e por que escolliu a nosa rúa. A gaita comezou a sonar na noite de febreiro, e como se fose un sinal os movementos aleatorios e miniguados da rúa tomaron dirección.

Cando rematou e desapareceu, os bailaríns e miróns aplaudiron, e o aplauso veu das galerías tamén, media ducia das cen ventás da rúa Hudson. Logo as ventás pecháronse, e o pequeno público disolveuse entre os movementos aleatorios da rúa pola noite.

Fixen que o ballet diario da rúa Hudson soase máis frenético do que é, porque escribilo magnífico. Na vida real, non é así. Na vida real, sen lugar a dúbida, sempre está pasando algo, o ballet nunca para, pero o efecto xeral é tranquilo e o tenor xeral mesmo máis pausado. A xente que coñece ben rúas así de animadas das cidades saberá como é. Teño medo de que a xente que non o sabe o teña sempre na cabeza dunha maneira equivocada, como os vellos debuxos de rinocerontes feitos a partir de descrições de rinocerontes.

ESTA TERRA AMARGA ENTREVISTA A CHARLES BURNETT

[Tirada de http://www.filmakermagazine.com/archives/issues/spring2007/features/killer_of_sheep.php#Wa2e2tFLfIU]

Falaches de como a comunidade na que gravaches cambiou. Pensas que *Killer of Sheep* funciona como unha cápsula do tempo? Pensas que é...?

Relevante?

O BALLETO DA BEIRARRÚA JANE JACOBS

ESTA TERRA AMARGA ENTREVISTA A CHARLES BURNETT JAMES PONSOLDT

**ANATOMÍA DUNHA REBELIÓN:
UNHA ANÁLISE POLÍTICO-ECONÓMICA**
MELVIN L. OLIVER, JAMES H. JOHNSON JR E WALTER C. FARRELL JR

Non, por suposto que penso que é relevante. Pero que relación pensas que ten o filme co mundo de 2007 con respecto á que tiña co mundo en 1977?

Penso que podes ver as sementes de parte do futuro no filme. As revoltas de Watts foron en 1965, e gravamos a comezos dos setenta, e podes ver que pouco se estaba facendo para axudar á comunidade. En certa maneira, miras atrás e é mesmo peor agora en moitos sentidos. Daquela, ata certo punto, podías conseguir un emprego facendo traballo manual, pero agora todo é moi técnico. Daquela podías polo menos herdar un oficio da túa familia, que eran carpinteiros ou fontaneiros, e agora tes que ir á escola para iso. No filme hai unha cousa anti-sureña, como o rapaz chamando á súa nai «querida», que é como unha palabra en código rural, e ela dille que non diga iso. Había un rexeitamento de certos valores, pero dalgunha maneira necesitas eses cimentos.

Pensas que estabas tentando explorar como os valores rurais ou sureños poden existir nun ambiente máis metropolitano como o de Los Angeles?

Máis en [os meus seguintes filmes] *Durmir con rabia* [To Sleep with Anger, 1990] e *A voda do meu irmán* [My Brother's Wedding, 1983]. Cando estaba medrando era un choque constante. Se eras do Sur, a xente chamábase «campo». Era algo negativo máis que positivo. Pero se dalgunha maneira deixas filtrar en ti eses valores [sureños], por osmose ou o que sexa, miras á túa vida e dáste conta de que son relevantes. Atopas xente que non ten eses valores, e é como se estiveran a perderse algo. Sinto mágoa pola xente que non elaborou ningún sistema de valores. No barrio no que medrei, os veciños eran como unha familia estendida. Todo iso perdeuse agora, a maioría. Los Angeles é moi urbana agora, pero adoitaba estar chea de enormes espazos abertos. Era rural, como Tom Sawyer e Huckelberry Finn! Podías ver millas e millas arredor. A casa do concello era o edificio máis grande. Podías ver as montañas todos os días. Podías ter polos, coellos, patos, calquera cousa no teu patio. Era un gran lugar no que estar daquela. Sentíase como o campo. Había un sentido de comunidade. Agora é realmente sucio. Se vas a África, nalgunhas partes é como se estivese do trinque, alí podes ver millas e millas arredor e non está contaminada. Vas por Namibia e hai elefantes na estrada. Hai unha sensación de novidade. Non está totalmente explotada.

Lin que querías facer un filme durante os teus días na UCLA sobre a revolución negra, e que contaches isto a algúns homes maiores e que se riron de ti. Atopo os teus filmes á vez incrivelmente humanos e políticos. Pensas que os teus filmes son como un intento de reconciliar a rabia, a rabia política, con contar historias amables sobre comportamento humano?

Non quería facer un filme revolucionario sobre conquistar a cidade ou o mundo necesariamente. O que pasou era que estaba pensando en como facer un filme que reflectise a realidade da situación. Adoitaba cortar o pelo nun barbeiro concreto en Watts, e sempre había algunha conversación ou discusión con estes homes máis maiores dentro. Entrei alí unha vez, e era o aniversario de Paul Robeson [cantante e activista en defensa dos dereitos civís] ou algo así. Estaba excitado, pero a súa actitude era contra Robeson porque sentían que se volvera contra o seu país. Estaban falando sobre un home que foi un portavoz contra a inxustiza en todo o mundo! Así que rematamos nun gran debate, e estaban dicindo cousas como «Dareiche un billete a Rusia se prometes non volver». Logo dinme conta de que viviran a guerra, eran do Sur, viviran a segregación, e aínda así tiñan un profundo patriotismo e amor por América. Era difícil de entender para min. Non eran parte da rebelión de Watts;

eran xente responsable que apoiaba América. Crían no sistema. Fíxome mirar máis de preto a xente que estaba, digamos, economicamente no punto máis baixo pero que aínda cría politicamente que tiveran oportunidades e que nunca pensaban en si mesmos como pobres porque estaban traballando e gañando a vida. Foi algo que me abriu os ollos en moitos sentidos.

ANATOMÍA DUNHA REBELIÓN: UNHA ANÁLISE POLÍTICO-ECONÓMICA

[Tirado de *Reading Rodney King / Reading Urban Uprising*, editado por Robert Gooding-Williams. Nova York: Routledge, 1993].

[...]

A malleira gravada ao señor Rodney King só foi o caso máis recente no que houbo serias dúbidas sobre se os axentes do Departamento de Policía de Los Angeles [LAPD] levaron a cabo un abuso de forza para reducir ou arrestar un cidadán negro. Por varios anos, a cidade de Los Angeles tivo que pagar millóns de cartos dos contribuíntes para amañar as queixas e denuncias de cidadáns que foron vítimas do abuso do LAPD. É máis, os cidadáns negros de Los Angeles teñen sido desproporcionadamente vitimizados polo uso do *choke hold* [chave de estrangulamento], unha táctica empregada para reducir individuos aparentemente non dispostos a cooperar. Durante os anos oitenta, dezaioito cidadáns de Los Angeles morreron como resultado do uso do *choke hold*; dezaseis deles eran, segundo se informa, negros.

[...]

Este e outros feitos relacionados sucederon no medio dun cambio demográfico drástico en South Central Los Angeles. Ao longo das dúas últimas décadas [este texto é de 1993], a comunidade pasou de ser predominantemente negra a unha área mixta negra e latina. Hoxe, preto da metade da poboación de South Central Los Angeles é latina. A maiores, houbo tamén unha sucesión étnica no entorno dos negocios locais, caracterizado polo éxodo de moitos dos tendeiros xudeus e un influxo substancial de pequenos negocios familiares coreanos. Esta sucesión étnica tanto no entorno dos residentes como na comunidade comercial non foi precisamente suave. Os tres grupos étnicos – o branco, o latino e o coreano – atópanse en conflito e competición entre eles polo traballo, a vivenda e os escasos recursos públicos.

Parte deste conflito vén do feito de que a economía de Los Angeles sufriu unha reestruturación bastante drástica ao longo das dúas últimas décadas. Esta reestruturación inclúe, por unha banda, o declive do traballo en fábricas tradicional, con gran peso dos sindicatos e de altos salarios; e pola outra, o crecemento de emprego na industria de alta tecnoloxía, na artesanía especializada e os sectores económicos de servizos avanzados. South Central Los Angeles – o núcleo industrial tradicional da cidade – levou a peor parte da caída no emprego fabril, perdendo 70.000 traballos estables e ben pagados entre 1978 e 1982.

[...]

É importante sinalar que, mentres novos espazos industriais estaban a establecerse noutros puntos do Condado de Los Angeles (e no veciño Condado de Orange e ao longo da fronteira dos EUA e México), novas oportunidades de emprego estaban aparecendo dentro ou preto do núcleo industrial tradicional de South Central Los Angeles. Pero, a diferenza dos traballos en fábricas que desapareceron desta área, os novos traballos son en

industrias de sectores competitivos, que se apoian principalmente en traballadores indocumentados e pagan, no mellor dos casos, o salario mínimo.

En parte como consecuencia destes desenvolvementos, e en parte como un resultado das actitudes abertamente negativas das entidades contratantes cara os traballadores negros, a taxa de homes negros desempregados nalgunhas áreas residenciais de South Central Los Angeles está arredor do 50%. Mentres o desemprego é o problema central para os homes negros en South Central Los Angeles, a concentración en traballos malos e con salarios baixos en industrias de sectores competitivos é o problema principal para os habitantes latinos da área. Os dous grupos teñen un destino común: renda por debaixo do limiar da pobreza. Mentres un grupo son os traballadores pobres (o latino) o outro é o dos desempregados pobres (o negro).

[...]

Os incendios xa se extinguiron en South Central Los Angeles e outras cidades, pero a rabia e a ira continúan a medrar, e é probable que volvan emerxer co tempo na medida en que as causas políticas e económicas subxacentes se deixan a apodrecer. Aínda que líderes políticos, comerciais e cívicos se teñan apurado a avanzar estratexias e solucións vellas e novas a esta última explosión urbana, moito do que está a proporse é simplemente inconexo ou *déjà vu*.

Claramente hai unha necesidade de diñeiro adicional para resolver as causas subxacentes desta devastación e desesperación urbana, pero os cartos sós non son suficientes. O goberno ten o mandato constitucional de asegurar "a tranquilidade doméstica", pero o goberno por si só non pode empoderar as comunidades pobres. E a pesar de que a poboación negra e outra xente de color teñen un rol e unha obrigaón especial de reconstruír os seus barrios porque son a maioría das vítimas e dos vándalos, non poden asumir sós esta carga de responsabilidade.

O que é preciso, ao noso ver, é unha reconceptualización da resolución de problemas onde fusionemos e empreguemos con todo o seu potencial as estratexias ofrecidas por liberais e conservadores, por demócratas e republicanos, e por brancos e xente de cor. [...]

O estado contencioso das relacións entre policía e comunidades de minorías serviu como o eixo do malestar urbano en cada caso. Mentres as relacións melloraron en varias grandes cidades en anos recentes, o Departamento de Policía de Los Angeles mantívose conxelado no

tempo. Os varóns negros e hispanos teñen sido tratados con especial brutalidade nos seus encontros coa policía, formada maioritariamente por varóns brancos. Pero o máis desconcertante é o feito de que a criminalidade ten medrado recentemente nas comunidades de minorías pobres dos centros das cidades. Así, as minorías atópanse na posición ambigua de necesitar un maior servizo policial por unha banda e protección dos excesos deses mesmos servizos na outra. Esta situación contraditoria mantivo as relacións entre estes grupos nun punto de ebulición racial e de clase.

Necesítanse desesperadamente máis oficiais de policía en comunidades de alta criminalidade que están desproporcionadamente poboadas por xente pobre. Os dólares locais, estatais e federais [...] precisan ser destinados rapidamente a este fin. No presente, os criminais violentos están comezando a superar o número de oficiais de policía en moitos dos nosos centros urbanos. Como apuntamos antes, este incremento do poder policial debería desenvolverse a través dun programa de colaboración cidadá. Tal esforzo pode servir para controlar os delitos menores e para construír confianza entre a policía e os membros da comunidade. [...]

A resposta inicial da administración nacional á rebelión foi culpar as deficiencias entre os pobres urbanos, particularmente na suposta falta de "valores familiares" e a predominancia de vivendas con mulleres como cabeza de familia. Esta visión prexuzosa ignora as causas reais do conflito e concéntrase no seu lugar na sintomatoloxía de medrar en comunidades de pobreza concentrada onde os recursos sociais e a asistencia necesaria para negociar coa sociedade maioritaria con éxito son insuficientes ou totalmente inexistentes. Polo tanto, a conclusión a nivel regulador que precisa ser tirada da rebelión é que, para levar á xente pobre e privada de dereitos cara a sociedade maioritaria, para aumentar a súa aceptación da responsabilidade persoal e para promover valores persoais consistentes con aqueles da sociedade no seu conxunto, precisamos atopar unha maneira de prover un programa exhaustivo de asistencia significativa para esta poboación. Pero claramente, un cambio soamente nos valores persoais, como suxeriron analistas de dereitas, non substituirá a formación laboral, a creación de postos de traballo e a eliminación dos estereotipos raciais e a discriminación. A concentración espacial da pobreza contemporánea presenta desafíos significativos tanto para quen se encargue das regulacións e quen se encargue de prover servizos humanos. A pesar de que numerosos programas e iniciativas foron instituídos para combater estes problemas, sofren de [...] importantes debilidades.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

SET
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

Mércores 6

A voda do meu irmán
(My Brother's Wedding, Charles Burnett, EUA, 1983, 77', VOSG)

En colaboración con Jane's Walk Santiago de Compostela e A.V.V. As Marias

Mércores 13

Algje o mineiro
(Algje the Miner, Alice Guy / Harry Schenck / Edward Warren, EUA, 1912, 10', VOSG)

A diferenza dos demais
(Anders als die Andern, Richard Oswald, Alemaña, 1919, 51', VOSG)
En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa. Con presenza de membros do colectivo

Mércores 20
Nadal, EUA

(Christmas, U.S.A., Gregory Markopoulos, EUA, 1949, 13', VO)

Dúas veces home
(Twice a Man, Gregory Markopoulos, EUA, 1964, 45', VO)
En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa

Mércores 27 de setembro ás 21:30 no Pichel

Arde París
(Paris Is Burning, Jennie Livingston, EUA, 1990, 87', VOSG)

En colaboración co Colectivo Agrocuir da Ulloa